



Profesionais atenderán ao alumnado
daquelas familias que precisen
este servizo de conciliación
debidamente acreditado



ÉRGUETE

2017/2018

Apertura do CEIP “Princesa de España”
a partires das 8..00h

Interesados/as nas 7.45 h
comunicalo na inscrición

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN EN:

Educación Familiar - Servizos Sociais
Casa da Xuventude, Avda. Portugal 11bis, VERÍN
988414776 educadorafamiliar@verin.net

O servizo “ÉRGUETE” do Concello de Verín, que se oferta dende o vindeiro 11 de setembro, desenrolase dende inicio de curso escolar ata o remate do mesmo no mes de xuño.

É un programa de conciliación que ten por finalidade que os/as menores estean atendidos/as por coidadores/as profesionais no espazo temporal que transcorre dende que as nais e os pais comezan a súa xornada laboral, ata o comezo do horario escolar por parte dos menores.

Devandita iniciativa persigue a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias dos participantes, xa quen en moitos casos non poderían acudir o seu posto de traballo o non ter outro recurso que poida cubrir dita necesidade.

Este servizo préstase de momento exclusivamente no CEIP Princesa de España, un centro público que acolle a un 45% de menores de etnia xitana, familias numerosas que se dedican a venda ambulante polas distintas localidades da provincia, tamén é un centro onde existen bastantes casos de Servizos Sociais e de Educación Familiar, é o único centro escolar público que oferta comedor escolar e ao ter horario partido facilita que moitas nais/pais poidan traballar.

Foi unha demanda exposta por moitas familias de orixe inmigrante que tampouco teñen apoios familiares para conciliar, e a poboación de etnia xitana tamén o demandou no Programa de Integración Xitana que existe no Concello de Verín que ten moitos menores supervisados dende Educación Escolar para evitar o absentismo escolar e traballar mellor a integración escolar, familiar e social, que é o que se pretende tamén con este servizo de conciliación que non exista absentismo nin abandono prematuro da escola.

Información e inscrición:

Educación Familiar – Servicios Sociais

Casa da Xuventude, Avda. Portugal 11 Bis, Verín

988414776 – educadorafamiliar@verin.net